| 2º de Presidente | VICENTE SIEIRA FRANCISCO MANUEL | Elector Nº | 481 |
| De 1º Vocal | PIMENTEL TARRIO MARIA DE LA CRUZ | Elector Nº | 110 |
| De 1º Vocal | PICON CALVO MARIA ISABEL | Elector Nº | 102 |
| De 2º Vocal | OTERO ROMERO MARCOS | Elector Nº | 52 |
| De 2º Vocal | OTERO OTERO MARIA DEL CARMEN | Elector Nº | 47 |

**DISTRITO 2º. SECCIÓN 2ª. MESA A**

**TITULARES**

| | | | |
|---|---|---|---|
| Presidente | CASTRO AIDO BENITO JOSE | Elector Nº | 193 |
| 1º Vocal | FERREIROS VICENTE JOSE LUIS | Elector Nº | 329 |
| 2º Vocal | LAPIDO BLANCO JOSE MANUEL | Elector Nº | 538 |
| **SUPLENTES:** | | | |
| 1º de Presidente | FRANCO SUAREZ MARIA CARMEN | Elector Nº | 382 |
| 2º de Presidente | FIGUEIRA SERANTES, SANDRA | Elector Nº | 372 |
| De 1º Vocal | CES SUAREZ XOSE LOIS | Elector Nº | 212 |
| De 1º Vocal | LORENZO RESUA, FRANCISCO JOSE | Elector Nº | 566 |
| De 2º Vocal | FERNANDEZ DIOS GONZALO | Elector Nº | 303 |
| De 2º Vocal | LEAL MEDINA MARCIALA MIRIAN | Elector Nº | 539 |

**DISTRITO 2º. SECCIÓN 2ª. MESA B**

**TITULARES**

| | | | |
|---|---|---|---|
| Presidente | TUBIO TARRIO ARTURO | Elector Nº | 533 |
| 1º Vocal | TUBIO TUBIO JOSE MIGUEL | Elector Nº | 539 |
| 2º Vocal | RODRIGUEZ SABORIDO ANA MARIA | Elector Nº | 341 |
| **SUPLENTES:** | | | |
| 1º de Presidente | ORDOÑEZ FERREIROS CAROLINA | Elector Nº | 98 |
| 2º de Presidente | ROMERO ORDOÑEZ SANDRA MARIA | Elector Nº | 382 |
| De 1º Vocal | VICENTE DEIRA MARI CRUZ | Elector Nº | 560 |
| De 1º Vocal | SOMOZA VARELA GUADALUPE | Elector Nº | 442 |
| De 2º Vocal | MARIÑO PICON ALEJANDRO FERNANDO | Elector Nº | 8 |
| De 2º Vocal | TARELA CASTAÑO ANA BELEN | Elector Nº | 481 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Rianxo **https://sede.concelloderianxo.es** co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: DkQ9a2Xn51wglP22ri3s
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

**DISTRITO 3º. SECCIÓN 1ª. MESA A**

**TITULARES**

| | | | |
|---|---|---|---|
| Presidente | LENS TOOMING CARMEN | Elector Nº | 421 |
| 1º Vocal | GARCIA TUBIO OSCAR | Elector Nº | 346 |
| 2º Vocal | CAROU IGLESIAS JOSE ALBERTO | Elector Nº | 96 |
| **SUPLENTES:** | | | |
| 1º de Presidente | FUNGUEIRIÑO MIGUENS LOIS | Elector Nº | 319 |
| 2º de Presidente | CREO SABORIDO GONZALO | Elector Nº | 200 |
| De 1º Vocal | ESPERANTE LENS MARIA | Elector Nº | 237 |
| De 1º Vocal | GONZALEZ ESPERANTE MARIA DEL CARMEN | Elector Nº | 375 |
| De 2º Vocal | LAIÑO OTERO JOSE MANUEL | Elector Nº | 411 |
| De 2º Vocal | LAYA CHANTADA TRINIDAD | Elector Nº | 415 |
| | | | |

**DISTRITO 3º. SECCIÓN 1ª MESA B**

**TITULARES**

| | | | |
|---|---|---|---|
| Presidente | PIÑEIRO PEREZ IVAN | Elector Nº | 212 |
| 1º Vocal | ROMAY CAMPAÑA MARIA BEATRIZ | Elector Nº | 326 |
| 2º Vocal | REBOLLIDO CHOUZA LUIS ALBERTO | Elector Nº | 243 |
| **SUPLENTES:** | | | |
| 1º de Presidente | MIGUENS RESUA ROBERTO | Elector Nº | 59 |
| 2º de Presidente | ROMERO FIGUEIRA RAQUEL HORTENSIA | Elector Nº | 333 |
| De 1º Vocal | REY GONZALEZ JOSE MANUEL | Elector Nº | 273 |
| De 1º Vocal | SOBRAL RIAL MANUEL ANGEL | Elector Nº | 398 |
| De 2º Vocal | MIGUENS LOPEZ JULIO SANTIAGO | Elector Nº | 51 |
| De 2º Vocal | MOARES VICENTE, JOSE ALVARO | Elector Nº | 84 |
| | | | |

**DISTRITO 3º. SECCIÓN 2. MESA U**

**TITULARES**

| | | | |
|---|---|---|---|
| Presidente | VAZQUEZ OTERO, WENCESLAO JOAQUIN | Elector Nº | 825 |
| 1º Vocal | ORDOÑEZ PIMENTEL JOSEFA | Elector Nº | 506 |
| 2º Vocal | LORENZO LORENZO JOSE ANTONIO | Elector Nº | 267 |
| **SUPLENTES:** | | | |
| 1º de Presidente | VEIGA BURES, CARME | Elector Nº | 829 |
| 2º de Presidente | MOREIRAS FERNANDEZ SERGIO | Elector Nº | 452 |
| De 1º Vocal | CES FIGUEIRA MARIA DO PILAR | Elector Nº | 116 |
| De 1º Vocal | TOURIS RESUA JOSE | Elector Nº | 771 |
| De 2º Vocal | MOARES FIGUEIRA JOSE ANDRES | Elector Nº | 447 |
| De 2º Vocal | SUAREZ SILVA EVA MARIA | Elector Nº | 745 |
| | | | |

Acordase que de haber incidencias, nomearase ao seguinte suplente que saíu no sorteo correspondente a cada mesa, para poder así realizar as suplencias.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Rianxo **https://sede.concelloderianxo.es** co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: DkQ9a2Xn51wglP22ri3s
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

## 5 APROBACIÓN SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE RIANXO PARA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE MELLORA DOS SISTEMAS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN NA RÍA DE AROUSA. AGLOMERACIÓN DE RIANXO. CONCELLO DE RIANXO (A CORUÑA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Con data 21 de setembro de 2017 o concello de Rianxo asina o convenio colaborador coa entidade pública empresarial Augas de Galicia para a execución das actuacións de mellora dos sistemas de saneamento e depuración na Ría de Arousa. Aglomeración de Rianxo. Concello de Rianxo (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no Marco do Programa Operativo FEDER GALICIA 2014-2020.

O pleno da corporación con data 31 de maio de 2018, aproba a PRIMEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE RIANXO PARA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE MELLORA DOS SISTEMAS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN NA RÍA DE AROUSA. AGLOMERACIÓN DE RIANXO. CONCELLO DE RIANXO (A CORUÑA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Con data 21 de marzo de 2019, por medio electrónicos ten entrada no Concello, escrito de Augas de Galicia solicitando certificado da aprobación da Segunda Addenda ao convenio asinado con data 21/09/2017. Modificando as cláusulas quinta e décima

Considerando que o Pleno é o órgano competente, de conformidade co artigo 22.2º ñ) da Lei de Bases de Réxime Local para aprobar os proxectos .

Esta Alcaldía, propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO

Aprobar a segunda Addenda ao convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Rianxo para a execución das actuacións de mellora dos sistemas de saneamento e depuración na Ría de Arousa. Aglomeración de Rianxo. Concello de Rianxo (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de desenvolvemento rexional (FDER) nun 80%, no Marco do Programa Operativo FEDER GALICIA 2014-2020.

ACORDAN subscribir esta addenda ao convenio de colaboración citado, Modificando as cláusulas quinta e décima, nos seguintes termos:

***QUINTA.- RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO***

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Rianxo **https://sede.concelloderianxo.es** co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: DkQ9a2Xn51wglP22ri3s
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

*O custo total para a actuación de referencia contemplada neste convenio financiaranse integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de 14.325.306,00 euros. Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. A achega de Augas de Galicia de anualidades futuras está condicionada á existencia de crédito nos seus correspondentes orzamentos. Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia para financiar a cantidade máxima establecida son os seguintes:*

| *Ano* | *Importe (Euros )* |
|---|---|
| *2019* | *4.366.315,97* |
| *2020* | *4.493.646,14* |
| *2021* | *4.316.797,86* |
| *2022* | *1.148.546,03* |

*As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación dos concursos de execución das obras de referencia repercutirase a Augas de Galicia. Do mesmo xeito, os incrementos derivados de posibles modificacións do proxecto de execución destas obras así como das eventuais liquidacións definitivas serán asumidas por esta entidade ata a cantidade máxima fixada no parágrafo anterior.*

*A execución das obras de referencia serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020. A actuación enmárcase dentro do Programa Operativo no Obxectivo Temático 6 "conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos", Prioridade de Investimento 6.2 "o investimento no sector da auga para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de medio ambiente e para abordar as necesidades, determinadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá de ditos requisitos", Obxectivo Específico 6.2.1 "culminar os requisitos da Directiva Marco da Auga a través do investimento en infraestruturas de saneamento, depuración e reutilización de augas residuais, e mellora da calidade da auga". Unha maneira de facer Europa. Polo que, deberanse observar os criterios de elixibilidade, xestión, publicidade e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación ao FEDER. Respectaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto do Programa Operativo do citado fondo europeo, así como as normas de información e publicidade establecidas nas Guías de Publicidade e nas demais normas comunitarias que sexan de aplicación.*

*No caso de que a Comisión Europea adoite decisións que impliquen correccións financeiras e/ou descertificacións de fondos europeos, consecuencia de causas imputables á entidade local ao ocasionar atrasos na execución das obras ou pola incorrecta explotación do executado, o Concello obrígase a asumir os ditos importes económicos.*

***DÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO***

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Rianxo **https://sede.concelloderianxo.es** co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: DkQ9a2Xn51wglP22ri3s
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

*O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2022. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio*

*A sinatura desta addenda suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten na addenda, e mailo resto de especificacións contidas nesta, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG no 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG no 149 do 3 de agosto).*

SEGUNDO

Remitir certificado de este acordo a Augas de Galicia.s.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## 6 EXERCITAR A OPCIÓN DE COMPRA DO PAZO DE RIANXIÑO

Con data 26 de marzo de 2018 emítese memoria de Alcaldía xustificativa da necesidade e conveniencia da adquisición do Pazo de Rianxiño REFERENCIA CATASTRAL: 5825001NH1252N0001FX

SUPERFICIE DA PARCELA : 10226 m2 segundo catastro, 9.452,50 m2 segundo plan parcial e estudo de detalle.

| LOCALIZACIÓN | REHABILITACIÓN | AMPLIACIÓN | SUPERFICIE CONSTRUÍDA |
|---|---|---|---|
| PLANTA SOTO | | 66,92m2 | 66,92 m2 |
| PLANTA BAIXA | 251,39m2 | 500,31m2 | 751,70m2 |
| PLANTA PRIMEIRA | 245,11m2 | 436,27m2 | 681,38m2 |
| TOTAL | 496,50m2 | 1003,50m2 | 1500,00 m2 |

Con data 27/03/2018 emítese Informe de técnico de idoneidade do Arquitecto da oficina de rehabilitación Carlos Henrique Fernández Coto.

Con data 02/04/2018 emite Informe de técnico de viabilidade de uso da Arquitecta Ana I Piñeiro Esperante .

Con data 20/04/2018, o Arquitecto da oficina de rehabilitación Carlos Henrique Fernández Coto, presenta unha taxación inmobiliaria da valoración do Pazo dos Viturro en Rianxiño por importe

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Rianxo **https://sede.concelloderianxo.es** co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: DkQ9a2Xn51wglP22ri3s
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

de 1.903.352,00€ .

Con data 23/04/2018, o Rexistro da Propiedade de Padrón remite certificación de data 16/04/2018 da nota simple da inscrición na que consta que dita propiedade está a nome das RELIGIOSAS FRANCISCANAS MISIONERAS DE LA MADRE DEL DIVINO PASTOR.

O Pleno da Corporación do Concello de Rianxo con data 5 de abril de 2018, acordou iniciar expediente de adquisición do inmoble do Pazo de Rianxiño, por adquisición directa, mediante compravenda.

Con data 03/05/2018, asínase o Protocolo de intencións entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Rianxo para o financiamento da adquisición do Pazo de Rianxiño e obras de adaptación para centro de día, destinado a atención de persoas maiores, por importe de 600.000,00 €.

Con data 16 de maio de 2018, preséntase no concello co número RE 201800000003022, Taxación levada a cabo pola empresa TINSA, Tasaciones Inmobiliarias SAU, por importe de 1.841.372,45 €.

Con data 28 de mai omítese informe de secretaria e intervención o contrato de opción de compra do Pazo de Rianxiño

Con data 31 de maio de 2018 o pleno do Concello de Rianxo aprobou facultar a Alcaldía a formalizar en escritura pública o dereito de opción de compravenda coas actuais titulares RELIGIOSAS FRANCISCANAS MISIONERAS DE LA MADRE DEL DIVINO PASTOR, por un ano, exclusivo e preferente sobre a finca, no caso de que non se exercite, o Concello aboara as actuais titulares a cantidade de 50.000,00 euros, (cincuenta e mil euros).

Con data 6 de xuño de 2018 ante o notario Francisco López Moledo co número mil douscentos noventa e tres elévase a escritura de opción de compra do inmobre entre o alcalde do Concello de Rianxo e Dona Inmaculada Olga Garcia en representación da entidade RELIGIOSAS FRANCISCANAS MISIONERAS DE LA MADRE DEL DIVINO PASTOR

A escritura da opción de compra recolle na cláusula PRIMEIRA apartado primeiro que o prazo para que o Concello de Rianxo exercite a opción de compra será de nove meses prorrogables tres mais vencendo en todo caso o 6 de xuño de dous mil dezanove as doce horas.

Con data 5 de xuño de 2019 Re 3827 emítese informe favorable da Dirección xeral de patrimonio

Con data 21 de febreiro de 2019 por resolución de alcaldía num 182/2019 solicitouse as RELIGIOSAS FRANCISCANAS MISIONERAS DE LA MADRE DEL DIVINO PASTOR a prorroga do prazo da opción de compra por 3 meses mais ata o 6 de xuño de 2019 .

Visto o informe de secretaria e intervención 28/4/2019 sobre o procedemento o Pazo de Rianxiño adquirise como ben patrimonial do concello polo que os puntos 4 e 5 do informe tramitaranse unha vez adquirido o ben.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Rianxo **https://sede.concelloderianxo.es** co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: DkQ9a2Xn51wglP22ri3s
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

A adquisición do Pazo de Rianxiño fináncianse cunha operación de préstamo que deu lugar á tramitación do crédito extraordinario 1/2019, que xa entrou en vigor. Actualmente, a operación de préstamo está adxudicada en virtude da Resolución da Alcaldía núm. 279/2019, do 21 de marzo e pendente de formalización.

O apartado 2 da disposición adicional 3ª da Lei de contratos do Sector Público establece que *"poderase tramitar anticipadamente os contratos (...) cuxo financiamento dependa dun préstamo, un crédito (...), sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que financian o contrato correspondente".* Polo tanto, procede aprobar a tramitación anticipada deste contrato de compra, condicionando a adxudicación á formalización do préstamo.

PRIMEIRO

Exercitar a opción de compra do Pazo de Rianxiño mediante tramitación anticipada, de modo que a adxudicación do contrato queda condicionada con carácter suspensivo á existencia de crédito axeitado e suficiente, que se emitirá a partir da formalización do préstamo que financia a compra, por un precio de 1.600.000,00€.

SEGUNDO

Aprobar a taxación realizada pola empresa TINSA.

TERCEIRO

Invitar aos titulares para comprobar se están interesados na adquisición e se acepta as condicións polas que se formalizará a adquisición mediante compravenda, dándolle prazo de 10 días.

Se aceptase dita invitación deberá cubrir o modelo de oferta axunto e aportar a documentación SEGUINTE , no prazo de 10 días a partir da recepción da presente.

A) TERMOS DA COMPRAVENDA:

En calquera caso, cómpre determinar os termos en que se debería efectuar dita compravenda, como son:

- O lugar de presentación da proposta será no Rexistro Xeral do Concello de Rianxo no prazo que se determine para aceptar a oferta de adquisición.
- O órgano competente adxudicará a adquisición da parcela por compravenda ás persoas invitadas sempre que presenten a documentación que se indica e acepten as condicións.
- O Concello adquire o ben libres de cargas e gravames e o corrente de tódalas taxas, impostos e contribucións, tanto locais, estatais e/ou autonómicas. O Concello non se subrogará e, polo tanto, non aboará en ningún caso as débedas de calquera clase ou natureza que teñan os vendedores pendentes de pago en relación cos bens obxecto de adquisición.
- A compravenda realizarase e formularase en escritura pública dentro do prazo máximo de 5 días a

contar desde a aprobación da adquisición polo órgano competente da Corporación. Respecto desta cuestión cabe engadir:

- ✓ O vendedor, no acto de firma da escritura de compravenda, entregaralle ao Concello a posesión do inmoble e, a partir dese momento, tomará posesión do mesmo.
- ✓ O Concello aboará o prezo de adquisición no momento do acto de sinatura da escritura de compravenda.
- ✓ Na escritura de compravenda farase constar que o Concello de Rianxo abonou o prezo de adquisición e que dito importe declararao recibido o vendedor.
- ✓ O Concello destinará os bens adquiridos a fins propios da súa competencia, podendo, destinalo a calquera fin.
- ✓ Na escritura farase constar que, de conformidade co disposto no artigo 45 do Texto Refundido da Lei do Imposto sobre Transmisións e Actos Xurídicos Documentados aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/93, de 24 de setembro, o Concello está exento do pago deste imposto, como suxeito pasivo da compravenda.
- ✓ Os honorarios da autorización do Notario serán satisfeitos polo Concello.

– Os gastos de inscrición no rexistro da propiedade correspondente á compravenda serán por conta e cargo do Concello.

– Réxime xurídico.- De conformidade co disposto nos artigo 9 da lei de Contratos do Sector publico así como o artigo 110 e ss da Lei de Patrimonio de Administracións Públicas, e o artigo 272 da Lei de Administración local de Galicia, o contrato ten carácter privado, rexéndose, en primeiro lugar, por estas determinacións e, en todo o non previsto no mesmo, pola Lei 33/2003 de Patrimonio de Administracións Públicas e dereito privado.

– As cuestións litixiosas derivadas do presente contrato serán competencia da Orde Xurisdicional Civil, someténdose as partes contratantes ao foro dos Xulgados e Tribunais de Rianxo.

**B) DOCUMENTACIÓN DOS TITULARES QUE DEBE OBRAR no expediente:**

- Fotocopia do D.N.I, Pasaporte ou documento que o substitúa dos titulares da finca.
- Declaración expresa de que o propietario interesado non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas.
- Certificación ou recibo acreditativo do pago do último Imposto de Bens Inmobles.
- Títulos de propiedade do ben e datos rexistrais, especificando a inexistencia de cargas, sempre que o ben estea inscrito. Se non está inscrito debería de presentar certificación negativa de inscrición no devandito rexistro e o título de propiedade.
- Certificados da Axencia Tributaria Estatal de non ter débedas pendentes.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Rianxo **https://sede.concelloderianxo.es** co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: DkQ9a2Xn51wglP22ri3s
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

- Certificado da Axencia tributaria de Galicia de non ter débedas pendentes
- Certificado da Tesourería da Seguridade Social de non ter débedas pendente

QUINTO

Delegar no alcalde de Rianxo, Adolfo Muíños Sánchez a competencia para a adxudicación e formalización en escritura pública da compra do Pazo de Rianxiño por un importe non superior a 1.600.000,00€, un millón seiscentos mil euros con cero céntimos de euro. Por exceder a contia da operación do 10% dos recursos ordinarios do orzamento conforme a disposición 2ª 9. LCSP.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, E FACENDA, PARTICIPACIÓN VECIÑAL, do dia 28/03/2019, sendo este favorable.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

**7 CONTRATACIÓN DE SERVICIOS. POLIZA DE CREDITO FINANCIACIÓN ILUMINACIÓN CONVOC. IDAE**

EXPTE. 2019/C004/000001

CONCERTACIÓN DUNHA PÓLIZA DE CRÉDITO PARA FINANCIAR "renovación de instalacións de alumeado público exterior no Concello de Rianxo no Programa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020 - IMPORTE ACHEGA MUNICIPAL 199.679,04€

Publicadas no BOE num 144 de 17.06.2016 as bases polas que se regulan as axudas a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.

O concello de Rianxo acordou por Resolución de Alcaldía nu 644/2017 aprobar a participación neste procedemento coa memoria elaborada por Facilita enxeñería co seguinte proxecto " Renovación das instalacións de alumeado publico e sinalización pública exterior existentes no concello de Rianxo para a mellora da súa eficiencia enerxética e a consecuente redución das emisións "

Dita solicitude foi ratificada polo pleno do concello de Rianxo de 16 de abril de 2018 onde acordou a aceptación expresa da participación neste procedemento e e o compromiso de iniciar a contratación no prazo de 6 meses coas seguintes porcentaxes

CVD: DkQ9a2Xn51wglP22ri3s
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

| Actuación | Año | Importe total | Subvención (80%) | Contribución municipal (20%) |
|---|---|---|---|---|
| Redacción del proyecto | 2018 | 30.105,63 | 24.084,50 | 6.021,13 |
| Dirección facultativa | 2019 | 21.774,13 | 17.419,30 | 4.354,83 |
| Contrato del subministro | 2019 | 946.515,31 | 757.212,26 | 189.303,05 |
| **Total** | | **998.395,07** | **798.716,06** | **199.679,01** |

Por resolución do Director Xeneral da IDAE 1135 Rexistro de saída 19/12/2018 concedéuselle o Concello de Rianxo unha axuda por importe de 798.716,06 €

| MEDIDA | INVERSIÓN ELIXIBLE ADMITIDA | COSTE ELIXIBLE MAX ADMITIDO | AXUDA A OUTORGAR ( Cofinanciación FEDER) |
|---|---|---|---|
| Renovación das instalacións de alumeado publico e sinalización pública exterior | 998.395,10 | 998.395,10 | 798.716,06 |

Concedida a axuda o Concello de Rianxo resulta necesario iniciar a contratación da redacción do proxecto " Renovación das instalacións de alumeado publico e sinalización pública exterior existentes no concello de Rianxo para a mellora da súa eficiencia enerxética e a consecuente redución das emisións "

E visto o informe da Tesourería municipal no sentido que segue:

"(...)

E os seguintes ANTECEDENTES:

Emítese providencia de Alcaldía sobre o asunto "que se inicie expediente de contratación dunha operación de crédito por importe de 199.679,04€ para dar cobertura aos contratos que serán formalizados no prazo previsto para a prestación de servizos, subministros e realización de obra relacionados "renovación de instalacións de alumeado público exterior no Concello de Rianxo no Programa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020 ". e que polos Servizos xurídicos e económicos deste Concello tramítese o expediente de contratación e infórmese sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

(...)

CONCLUSIÓNS:

A operación de préstamo que nos ocupa cumprirá o principio de prudencia financeira se os tipos de interese ofertados quedan por baixo dos límites máximos (X+0,9050).

É todo o que tivo a honra de informar o funcionario que subscribe o presente informe segundo o seu leal saber e entender, salvo erro ou omisión non intencionado e sen prexuízo de mellor opinión

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Rianxo **https://sede.concelloderianxo.es** co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: DkQ9a2Xn51wglP22ri3s
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

fundamentada en dereito."

O 26/03/2019 a Secretaria municipal emite informe.

O 26/03/2019 a Intervención emitiu o seu informe de fiscalización favorable e no que analiza a capacidade do concello de asumir o dito endebedamento.

Visto que ao abeiro do artigo 22.2.m da LBRL a concertación da operación de préstamo que nos ocupa é competencia atribuída ao Pleno, de maioría simple, propoño ao Pleno que, unha vez ditaminado pola Comisión Informativa de Economía e Facenda eParticipación Veciñal, adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

Aprobación do PREGO DE CONDICIÓNS PARA A CONTRATACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE PÓLIZA DE CRÉDITO PARA FINANCIAR "renovación de instalacións de alumeado público exterior no Concello de Rianxo no Programa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020 - IMPORTE ACHEGA MUNICIPAL 199.679,04€ co seguinte contido:

PRIMEIRO. OBXECTO

O obxecto deste prego regular a contratación dunha operación de préstamo a longo prazo por importe de 199.679,04€ para a renovación de instalacións de alumeado público exterior no Concello de Rianxo no Programa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020 - IMPORTE ACHEGA MUNICIPAL 199.679,04€ no exercicio 2019.

SEGUNDO. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

Ao abeiro do artigo Artigo 10. da Lei Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en canto aos negocios e contratos excluídos no ámbito financeiro, están excluídos do ámbito de a presente Lei os contratos relativos a servizos financeiros relacionados coa emisión, compra, venda ou transferencia de valores ou doutros instrumentos financeiros no sentido da Directiva 2004/39/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, relativa aos mercados de instrumentos financeiros, por a que se modifican as Directivas 85/611/CEE e 93/6/CEE, do Consello e a Directiva 2000/12/CE, do Parlamento Europeo e do Consello e derrógase a Directiva 93/22/ CEE, do Consello. Así mesmo quedan excluídos os servizos prestados polo Banco de España e as operacións realizadas con a Facilidade Europea de Estabilización Financeira e o Mecanismo Europeo de Estabilidade e os contratos de préstamo e operacións de tesourería, estean ou non relacionados coa emisión, venda, compra ou transferencia de valores ou doutros instrumentos financeiros.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Rianxo **https://sede.concelloderianxo.es** co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: DkQ9a2Xn51wglP22ri3s
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

No artigo 4. se indica o réxime aplicable aos negocios xurídicos excluídos, sendo que as relacións xurídicas, negocios e contratos citados nesta sección quedan excluídos do ámbito da presente Lei, e rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

TERCEIRO. ÓRGANO COMPETENTE

O órgano municipal competente para a contratación será o Pleno da Corporación, a tenor do establecido no artigo 52.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (LRFL), pois o importe acumulado das operacións concertadas no exercicio 2019 é superior ao 10 por 100 dos recursos ordinarios previstos no presuposto vixente.

CUARTO. PREZO DO CONTRATO. COSTE TOTAL MÁXIMO

4.1. O Concello de Rianxo non cumpre as condicións de carácter subxectivo para a adhesión ao Fondo de Impulso económico previstas no artigo 50 do Real Decreto-lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico; polo que o diferencial máximo a aplicar sobre o Custo de Financiamento do Estado será o 75 % (75 puntos básicos).

4.2. Estimación do <u>custo de financiamento do Estado</u>; en base á Resolución do 8 de marzo de 2019, da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se actualiza o anexo 1 incluído na Resolución do 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais, este custo, para unha operación de 51,50 meses como a que temos por obxecto, calcúlase mediante interpolación entre 48 e 60 meses, resultando o custo de financiamento do Estado un diferencial sobre Euribor (a 3 meses) de 15,50 puntos básicos posto que o Concello de Rianxo non consta con ferramentas de valoración propias.

4.3 Custo total máximo da operación:

Determinación do diferencial para engadir ao custo de financiamento do Estado; O Concello de Rianxo non cumpre as condicións de carácter subxectivo para a adhesión ao Fondo de Impulso económico previstas no artigo 50 do Real Decreto-lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico; polo que o diferencial máximo a aplicar sobre o Custo de Financiamento do Estado será o 75 % (75 puntos básicos).
4º. Estimación dos tipos de interese máximos. Devanditos tipos máximos son o resultado de incrementar o custo de financiamento do Estado nun 0,75%, segundo vimos no apartado anterior:

<u>Tipo variable máximo = Eur(3)+ 15,50 p.b. + 75 p.b. = Eur(3) + 90,50 p.b.</u>

4.4 O Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Rianxo **https://sede.concelloderianxo.es** co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: DkQ9a2Xn51wglP22ri3s
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Reguladora das Facendas Locais (LRFL), no seu artigo 48 bis sobre Principio de prudencia financeira indica:

1. Todas as operacións financeiras que subscriban as Corporacións Locais están suxeitas ao principio de prudencia financeira.

Enténdese por prudencia financeira o conxunto de condicións que deben cumprir as operacións financeiras para minimizar o seu risco e custo.

2. Considéranse financeiras todas aquelas operacións que teñan por obxecto os instrumentos seguintes:

a) Activos financeiros. Están incluídos neste concepto os instrumentos de capital ou de patrimonio neto doutras entidades, os dereitos para recibir efectivo ou outro activo financeiro dun terceiro ou de intercambiar cun terceiro activos ou pasivos financeiros en condicións potencialmente favorables.

b) Pasivos financeiros. Están incluídos neste concepto débedas representadas en valores, operacións de crédito, operacións de derivados e calquera outra obrigación esixible e incondicional de entregar efectivo ou outro activo financeiro a un terceiro ou de intercambiar cun terceiro activos ou pasivos financeiros en condicións desfavorables.

c) A concesión de avais, re avais ou outra clase de garantías públicas ou medidas de apoio extra orzamentario.

3. As condicións que deben cumprir as operacións financeiras previstas na letra b) do apartado anterior estableceranse por Resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, e as das letras a) e c) anteriores por Resolución da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local.

4. As Corporacións Locais velarán pola aplicación do principio de prudencia financeira no conxunto do seu sector público.

5. Precisará de autorización do órgano competente da Administración Pública que teña atribuída a tutela financeira das Entidades Locais a formalización das operacións ás que se refire a letra c) do apartado 2 deste artigo, cando non se axusten ás condicións do principio de prudencia financeira.»

QUINTO. PERÍODOS DE LIQUIDACIÓNS DE XUROS

Os períodos de liquidacións serán trimestrais, coincidindo cos trimestres naturais, agás a primeira liquidación en base á data de formalización da operación.

O xuro nominal será variable, con referencia ao EURIBOR a tres meses mais o diferencial ofertado (sen redondeo), sen que o custo financeiro da operación poida exceder do diferencial máximo de 90,50 p.b., en aplicación do principio de prudencia financeira recollido no artigo 48.bis do TRFL, e de acordo coa Resolución do 8 de marzo de 2019, da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se actualiza o anexo 1 incluído na Resolución do 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Rianxo **https://sede.concelloderianxo.es** co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: DkQ9a2Xn51wglP22ri3s
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

e entidades locais.

SEXTO. XUROS DE MORA

De acordo co Anexo III, número 7, da Resolución da Dirección Xeral do Tesouro do 4 de xullo de 2017 pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das CCAA e das Entidades Locais, os xuros de mora non poderán superar o tipo da operación mais o 2% anual.

SÉTIMO. AMORTIZACIÓN

7.1. O período de amortización será trimestral, por trimestres naturais, dende a data de consolidación da débeda disposta e unha vez finalizado o período de carencia e disposición de fondos, e durante 4 anos.

O sistema de amortización será constante.

7.2. Para o caso de amortización anticipada en data de pago de xuros e conforme co regulado no apartado Sexto g) da Resolución da Dirección Xeral do Tesouro do 4 de xullo de 2017, no contrato a subscribir farase constar que non se producirán repercusións de custos de ruptura. Non obstante, no caso de que a amortización anticipada se efectúe en datas diferentes ás de pago de xuros, se permite un custe de ruptura, sempre que dito custe se calcule atendendo á practica de mercado.

OITAVO. PRAZO DA OPERACIÓN

A) Período de libre disposición e carencia: se establece un prazo de libre disposición e carencia de 2 ANOS E 2 MESES dende a data de formalización do contrato (previsto 01/06/2019) e ata 31/07/2021.

B) Período de amortización: terá unha duración de 4 ANOS (previsto 01/08/2021 ata 31/07/2025). Durante este período reembolsarase o principal disposto e consolidado a 31/07/2021 e os xuros correspondentes, mediante liquidacións trimestrais calculadas co sistema de amortización constante; a cantidade definitiva por consolidar será solicitada expresamente por escrito polos tres craveiros durante os 15 días hábiles anteriores ao vencemento do período de carencia.

C) Vida media da operación (en meses): a vida media, para a aplicación do principio de prudencia financeira e a concreción do custo máximo permitido, é de 51,50 meses, incluída a carencia.

NOVENO. GASTOS

Os únicos gastos que satisfará o Concello serán os xuros, calculados na forma establecida neste prego, sen que poidan repercutirse outros por comisións, corretaxes, comisións de amortización adiantada, comisións de indispoñibilidade etc.

DÉCIMO. CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA

11.1. Nos presupostos do exercicio 2019 existe consignación na aplicación 011.310.00 para

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Rianxo **https://sede.concelloderianxo.es** co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: DkQ9a2Xn51wglP22ri3s
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

afrontar os custos financeiros da operación.

11.2. A existencia de crédito para os gastos financeiros e as cotas de amortización dos exercicios seguintes, queda condicionada á dotación de crédito nos presupostos dos exercicios 2019 e seguintes.

UNDÉCIMO. - PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN

O procedemento de contratación consistirá na solicitude de ofertas ás entidades financeiras do municipio, ao Banco de Sabadell e ao BBVA. A licitación publicarase no perfil do contratante do Concello de Rianxo.

DUODÉCIMO. PRESENTACIÓN E TRAMITACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

13.1. Deberá cumprimentarse un modelo de PROPOSICIÓN ECONÓMICA que axustarase ao modelo do ANEXO 1 ao presente Prego.

As ofertas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Rianxo sendo o prazo 20 días naturais dende a publicación das Bases no Perfil de contratación municipal e ata as 13,00 horas do prazo, en sobre pechado no que se indicará "Proposición económica para participar na licitación dunha operación de crédito a longo prazo de 199.679,04 € para a renovación de instalacións de alumeado público exterior no Concello de Rianxo no Programa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020 - IMPORTE ACHEGA MUNICIPAL 199.679,04€ no exercicio 2019.

13.2. A presentación de proposición supón a aceptación non condicionada da totalidade das cláusulas ou condicións deste Prego, sen salvedade nin reserva algunha, así como oferta en firme non suxeita a ningún tipo de condición/autorización/avaliación posterior por parte da entidade financeira.

13.3. Superado o prazo indicado no punto 13.1 anterior procederase ao acto público de apertura das proposicións pola Mesa que se constituirá ao efecto, presidida polo Alcalde, e actuando como vocais o Concelleiro de Facenda, A Tesoureira, a Interventora e a Secretaria do Concello de Rianxo, levantándose acta da mesma.

13.4. Á vista das propostas presentadas, serán valoradas pola Tesoureira, clasificándoas en orde decrecente, indicando cal se considera a oferta mais vantaxosa, e formulando a correspondente proposta de adxudicación ao órgano competente.

13.5. O adxudicatario deberá achegar a documentación do apartado 13.7 con carácter previo á adxudicación do contrato. Si a presentación da documentación se entrega con posterioridade á adxudicación, esta se acordará de forma condicionada á achega dos ditos documentos antes da formalización. En caso de esgotar o prazo de formalización sen cumprir este requisito, procederase a adxudicar o contrato ao seguinte licitador clasificado.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Rianxo **https://sede.concelloderianxo.es** co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: DkQ9a2Xn51wglP22ri3s
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

13.5. Á vista do informe da Tesouraría e Intervención municipais, e en todo caso, no prazo máximo de 5 días hábiles dende a apertura das proposicións, o órgano de contratación acordará a adxudicación da contratación ou ben a declarará deserta si considera que ningunha das ofertas cumpre coas condicións do prego. Si o órgano de contratación non adxudicara o contrato de acordo con sentido da proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

13.7.- Documentación:

- Fotocopia do/dos D.N.I. da/s persoa/s que asine/n a proposición

- Escritura de poder do asinante/s da proposición e das persoas apoderadas para a formalización da operación no suposto de resultaren adxudicatarios da mesma.

- Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

DÉCIMO TERCEIRA. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Para a adxudicación deste contrato atenderase, exclusivamente, ao menor prezo ofrecido polos licitadores, isto é, á oferta mais vantaxosa dende o punto de vista económico. O custo total máximo da operación será o límite de prezo polo que se poida adxudicar a operación.

As ofertas referiranse sempre ao diferencial aplicable sobre o índice de referencia que é o EURIBOR a tres meses, e que non excederá do 0,9050%. A oferta expresarase en termos porcentuais cun máximo de catro decimais (custo máximo total = eur3+0,9050) e sen redondeo.

A oferta economicamente mais vantaxosa será aquela que presente maior rebaixa respecto do diferencial máximo aplicable, e polo tanto, a que represente maior minoración respecto do custo total máximo.

En caso de igualdade en canto á proposición mais vantaxosa, e si as empresas licitadoras acreditan ter unha relación laboral de persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 por 100 en cumprimento do Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, o empate resolverase en favor da entidade que dispoña de maior número de traballadores fixos con discapacidade na súa empresa, segundo prevé o artigo 147 da LCSP; en caso de que tras a aplicación deste criterio, persista o empate, considerarase o custo de ruptura por amortización anticipada e se persiste, o xuro de mora ofertado.

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

15.1. Formalizarase un contrato que será asinado por parte do Concello, polo Alcalde da Corporación, e, por parte da entidade adxudicataria, por un representante ou representantes con poder suficiente debidamente acreditado. Actuará como fedatario o Secretario da Corporación. O prazo de formalización será como máximo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao de notificación da adxudicación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Rianxo **https://sede.concelloderianxo.es** co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: DkQ9a2Xn51wglP22ri3s
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

15.2. Non se poderá iniciar a execución do contrato sen a previa formalización do mesmo.

15.3 O contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o adxudicatario. Neste caso, o adxudicatario estará obrigado a entregar unha copia da mesma, e todos os gastos que se deriven do perfeccionamento correrán de conta do adxudicatario.

15.4. O incumprimento polo adxudicatario dos requisitos necesarios para a formalización do contrato, por causas imputables ao mesmo, facultará ao Concello para instar a anulación da adxudicación efectuada e reclamar a indemnización oportuna.

DÉCIMO QUINTA.- FALTA DE OFERTAS EN PRAZO. FALTA DE FORMALIZACIÓN DO CONTRATO. LICITACIÓN DESERTA.

1.- Si transcorrido o prazo de presentación de ofertas e antes de declarar deserta a contratación se tivese coñecemento da existencia de algunha entidade financeira interesada, poderá adxudicarse directamente a calquera interesado que cumpra coas condiciones establecidas no Prego, previa solicitude de oferta directamente a lo menos, a 3 entidades a proposta do Alcalde, coas  mesmas condicións que figuran no presente prego.

2.- En caso de non formalizarse o contrato por causa imputable ao adxudicatario, o Concello poderá, efectuar a adxudicación á entidade que tivese presentado a segunda mellor oferta.

DÉCIMO SEXTA.  DISPOSICIÓNS DE FONDOS

O Concello de Rianxo disporá do importe formalizado indicando o destino concreto da petición, debido ao carácter afectado do recurso.

O ingreso da cantidade realizarase a unha conta específica aberta a nome do Concello a tal efecto. Esta conta será na que se realicen os cargos por amortizacións e por liquidacións de xuros nos seus respectivos vencementos. A ordenación de transferencias dende esta conta efectuarase libre de comisións ou custes de calquera natureza.

ANEXO 1

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

Don/Dona ______________________________co DNI número__________________, e domicilio a efectos de notificacións en __________________________(provincia de_________________________), rúa___________________, C.P._________________, teléfono

número__________________, mail ____________________,actuando en representación de__________________________, co CIF número________________, fai constar:

Que enterado da licitación por parte do Concello de Rianxo dunha operación de crédito a longo prazo por importe de 199.679,04 €, declaro, con intención de obrigar á Entidade Financeira por min representada, seguinte:

PRIMEIRO.- Que a entidade non se atopa incursa en ningunha das prohibicións enumeradas no artigo 65 e seguintes da LCSP, e que se atopa ao corrente das súas coas Seguridade Social e das obrigas tributarias, entre elas, as referidas a este Concello.

SEGUNDO. Que acepta expresamente as condicións do Prego.

TERCEIRO. Que efectúa, en nome da Entidade representada, a seguinte oferta para a concertación da referida operación de crédito:

OFERTA:

DIFERENCIAL APLICABLE SOBRE O EURÍBOR A TRES MESES: ____________ % (o diferencial expresarase en termos porcentuais, cun máximo de catro decimais, non excedendo do 0,9050 % sobre o Eur3).

XUROS DE MORA: ____________ % (o diferencial expresarase en termos porcentuais, cun máximo de dous decimais, non excedendo do 2%).

En ______________________ a __________ de ___________________ de 2019

SEGUNDO

Dispoñer a apertura do procedemento e mandar anuncio o perfil do contratante do concello de Rianxo dando un prazo de 20 días naturais para presentar ofertas no rexistro do concello mandando ofertas ás entidades financeiras do municipio, ao Banco de Sabadell e ao BBVA.

TERCEIRO

Delegar na Alcaldía a competencia para a adxudicación e formalización da concertación da operación de crédito, por exceder a contía das operacións acumuladas no exercicio do 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto

CUARTO

Trasladarlle este acordo ás Intervención e Tesourería municipais.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, E FACENDA, PARTICIPACIÓN VECIÑAL, do dia 28/03/2019, sendo este favorable.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Rianxo **https://sede.concelloderianxo.es** co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: DkQ9a2Xn51wglP22ri3s
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## 8 APROBACIÓN DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2019 PARA A DOTACIÓN ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE Á ACHEGA MUNICIPAL DA "RENOVACIÓN DO ALUMEADO Pº EXTERIOR DO CONCELLO DE RIANXO"

Expte.: 2019/T002/000031

| | |
|---|---|
| **Núm. Expediente de crédito extraordinario** | 1/2019 |
| **Importe da modificación orzamentaria** | 199.679,04 € |
| **Tipo de financiamento** | Préstamo |
| **Finalidade da modificación** | Achega municipal da “Renovación do alumeado público exterior do Concello de Rianxo” |

O 09/01/2019 rexistrouse de entrada a notificación da Resolución do IDAE do 19/12/2018, pola que se lle concede ao Concello de Rianxo unha subvención de 798.716,06 € para a “Renovación do alumeado público exterior”, cuantificado nun total de 998.395,10 €.

O 25/03/2019 emitín a memoria xustificativa da modificación de crédito proposta nos seguintes termos:

<<***2. XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO***

***2.1 Tipo de financiamento***

*Dado o importe da achega municipal (199.679,04 €) e, tendo en conta que se trata dunha actuación que comprenderá varios exercicios contables (do 2019 ata o 2021), tomouse a decisión de que se financiase cunha operación de endebedamento a longo prazo.*

*O calendario fixado polo IDAE para o conxunto de actuacións é o seguinte:*

*- Prazo máximo de 6 meses desde a notificación da subvención: para o inicio das licitacións das actuacións subvencionadas*

*- Prazo máximo de 12 meses desde a notificación da subvención: para a formalización dos contratos*

*- Prazo máximo de 30 meses desde a notificación da subvención: para a finalización das actuacións*

*- Prazo máximo de 2 meses desde a data prevista para o fin das actuacións: para a xustificación da subvención.*

*Tamén hai que ter en conta que o incumprimento do período medio de pagamento non permite acudir a investimentos financeiramente sostibles, polo que o préstamo é a opción máis axeitada.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Rianxo **https://sede.concelloderianxo.es** co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: DkQ9a2Xn51wglP22ri3s
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

## *2.2 Tipo de modificación orzamentaria*

*As actuacións que se queren financiar teñen un carácter concreto e determinado, tal e como se amosa no cadro.*

| | |
|---|---|
| *Investimento elexible admitido* | *998.395,10* |
| *Subvención* | *798.716,06* |
| *Coeficiente de financiamento* | *0,80* |

| ***Concepto*** | ***Importe*** | ***Valor estimado*** | ***Subvención*** | ***AM*** |
|---|---|---|---|---|
| *Subministro* | *946.515,31* | *782.244,06* | *757.212,23* | *189.303,08* |
| *Redacción do proxecto* | *30.105,66* | *24.880,68* | *24.084,53* | *6.021,13* |
| *Dirección de obra* | *21.774,13* | *17.995,15* | *17.419,30* | *4.354,83* |
| ***Total*** | ***998.395,10*** | ***825.119,89*** | ***798.716,06*** | ***199.679,04*** |

*Ademais, neste exercicio teñen que estar formalizados todos os contratos, polo que non se trata dunha actuación que poida demorarse ata o exercicio seguinte.*

*Finalmente, dado que á subvención concedida para estas actuacións non acada o 100 por cento, do seu custo, o crédito que se pode xerar é insuficiente para levalas a cabo.*

*As únicas modificacións de crédito que pode financiar unha operación de endebedamento son os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito, polo que esta última é a modificación que procede tramitar, á vista do exposto.*

## *2.3 Aplicacións orzamentarias afectadas*

*As aplicacións orzamentarias afectadas son as seguintes:*

| Aplicación orzamentaria | Proxecto de gasto | Descrición | Importe |
|---|---|---|---|
| 165.61900 | 2018/2/1/1/1 | Renovación do alumeado pº exterior | 199.679,04 |

| Concepto de ingreso | Proxecto de gasto | Descrición | Importe |
|---|---|---|---|
| 91300 | 2018/2/1/1 | Préstamos de entidades de fóra do Sector Público | 199.679,04 |

>>

O 26/03/2019 a Intervención emitiu o seu informe favorable.

En virtude do exposto, PROPOÑO:

PRIMEIRO

Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito 1/2019 que presenta o seguinte

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Rianxo **https://sede.concelloderianxo.es** co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: DkQ9a2Xn51wglP22ri3s
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

detalle:

| Aplicación orzamentaria | Proxecto de gasto | Descrición | Importe |
|---|---|---|---|
| 165.61900 | 2018/2/1/1/1 | Renovación do alumeado pº exterior | 199.679,04 |

| Concepto de ingreso | Proxecto de gasto | Descrición | Importe |
|---|---|---|---|
| 91300 | 2018/2/1/1 | Préstamos de entidades de fóra do Sector Público | 199.679,04 |

SEGUNDO

Expoñer ao público o expediente de suplemento de crédito 1/2019 mediante un anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto nos artigos 169 e 177.2 do texto refundido da Lei das facendas locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

TERCEIRO

No suposto de non presentarse reclamacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación resumido por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

CUARTO

Dar conta deste acordo á Intervención Municipal para que continúe coa tramitación do expediente

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, E FACENDA, PARTICIPACIÓN VECIÑAL, do dia 28/03/2019, sendo este favorable.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## 9 MOCIÓN BNG. DECLARACIÓN DE RIANXO: CONCELLO LIBRE DE EUCALIPTOS

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 14

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Rianxo **https://sede.concelloderianxo.es** co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: DkQ9a2Xn51wglP22ri3s
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O continuado proceso de eucaliptización que sofre Galicia, non se pode explicar soamente pola vontade dos propietarios dos montes nin moito menos polas condicións naturais e ambientais da nosa terra. Primeiramente, as políticas preconstitucionais impuxeron unha repoboación masiva e forzosa de especies de crecemento a través dos plans de patrimonio forestal do estado, en beneficio das industrias da pasta de papel. Estas directrices provocaron un deterioro progresivo da agricultura e da gandería e contribuíron en parte ao éxodo rural.

Posteriormente, xa na democracia, a Xunta de Galicia, asumindo as competencias en materia forestal, continuou a favorecer a expansión do eucalipto ata sobrepasar calquera límite racional e sustentábel. O resultado destas políticas é a transformación do monte galego nun inmenso eucaliptal ao servizo dos grandes oligopolios da industria do papel, xunto cun letal deterioro do solo, da biodiversidade e da paisaxe natural de Galicia. Cómpre lembrar que nos últimos 40 anos os eucaliptais medraron en superficie un 300%, acadando case 400.000 has., un 28% da superficie arborizada de Galicia.

A imparable proliferación de eucaliptos, planificados, incontrolados ou ventureiros, supoñen un golpe mortal á biodiversidade, debido aos aceites esenciais das súas follas que ao caeren forman unha capa sobre o chan cunha baixa taxa de descomposición.

Por outra banda, as súas raíces procuran a humidade e a auga a grande distancia, penetrando en mananciais e diminuíndo notablemente a cota hídrica dos acuíferos.

Ao ser unha especie pirófita, incrementa en gran medida o problema dos incendios forestais. Este problema agrávase aínda máis polo seu espallamento descontrolado e pola proliferación de plantacións ao carón dos núcleos habitados, co conseguinte risco para persoas e bens.

As leis en vigor (Lei autonómica 7/2012 de montes de Galicia, Lei autonómica 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia, Lei estatal 42/2007 do patrimonio natural eda biodiversidade, Lei autonómica 9/2001 de conservación da natureza, Lei autonómica 2/2016 do solo de Galicia) aínda que insuficientes, garanten minimamente a protección do monte galego e a súa planificación legal.

Desafortunadamente, en moitos casos estas leis nin se cumpren nin se fan cumprir. É hora de que as administracións se involucren decididamente na protección e salvagarda do monte galego. A defensa do Patrimonio dun país é tamén a defensa do seu Patrimonio forestal.

CONSIDERACIÓNS DE INTERESE TERRITORIAL

As plantacións de eucalipto alteran profundamente a estrutura, xeometría e cromatismo da

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Rianxo **https://sede.concelloderianxo.es** co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: DkQ9a2Xn51wglP22ri3s
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

contorna e modifican a paisaxe nun período moi curto de tempo.

O Concello de Rianxo ten a distinción de “Vila de interese túristico”, e por tanto resulta paradoxal que a práctica totalidade do seu territorio estea invadido por eucaliptos, que enmarcan o pobo dentro dunha anarquía paixasítica que constrasta brutalmente coa harmoniosidade estrutural da vila.

Mantemos espazos de grande riqueza e biodiversidade cmo é a conca do río Té, outros bosques de ribeira ou a beira do mar que deben ser preservados e amplliados.

Atendendo á seguridade do Concello, os eucaliptos, como xa se dixo, son máis propicios aos incendios que outras árbores. Incendios que se propagan fácilmente e son máis difíciles de combater, agás que se trate de plantacións de escasa altura. Nos incendios, as muxicas producidas pola queima da folla e da casca propáganse a moita velocidade e a gran distancia, podendo chegar a máis dun qm, cos conseguintes riscos para a poboación da contorna.

O noso concello non é alleo a este perigo. Atópase na súa meirande parte invadido por plantacións de eucaliptos co risco que iso supón para as casas e sobre todo para a seguridade dos veciños, especialmente para os vellos e os nenos. Aínda non quedan moi lonxe as terribles consecuencias das vagas de lumes que asolaron o noso país veciño neste mesmo verán ou a nós mesmos no 2006 e posteriores. Unha traxedia que non deberíamos esquecer, xa que a situación real de abandono dos montes de Rianxo resulta patente, con risco real de que se reproduzan situacións indesexadas en escenarios ben semellantes aos do país irmán.

Por estes motivos, a comunidade eco-social e cultural Boca de Sapo formula a presente Moción para a súa aprobación polo Pleno do Concello de Rianxo ACORDA:

1.- A DECLARACIÓN DE RIANXO COMO CONCELLO LIBRE DE EUCALIPTOS

2.- A ELIMINACIÓN DOS EUCALIPTOS CAMIÑOS E PARCELAS MUNICIPAIS, SUBSTITUÍNDOOS, SE FOSE POSIBLE, POR ESPECIES FRONDOSAS.

3.- O COMPROMISO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL NOS REQUIRIMENTOS OPORTUNOS PARA FACER CUMPRIR A LEI ( Lei autonómica 7/2012 de montes de Galicia art. 61 e 67 ) EN MATERIA DE DISTANCIAS DE SEGURIDADE ENTRE OS EUCALIPTOS E AS VIVENDAS, ESTRADAS E CAMIÑOS.

4. PROMOVER POLÍTICAS ACTIVAS EN PROL DA ELIMINACIÓN DE EUCALIPTOS ENTRE AS COMUNIDADES DE MONTES E OS PROPIETARIOS E PROPIETARIAS FORESTAIS.

5. COMUNICARASE ESTA RESOLUCIÓN A TODOS OS CONCELLOS DA COMARCA, SOLICITANDO QUE FAGAN O MESMO.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Rianxo **https://sede.concelloderianxo.es** co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: DkQ9a2Xn51wg1P22ri3s
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Rematado o debate, sométese a moción recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 10 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE), cero votos en contra e catro abstencións (dos 3 membros do grupo PP e 1 membros de Rianxo en Común) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

**PROPOSTAS FORA DA ORDE DO DÍA**

**MOCIÓN RIANXO EN COMÚN: MEDIDAS URXENTES A ADOPTAR POLO LUME SUFRIDO NAS ÚLTIMAS 72 HORAS, ASÍ COMO AS MEDIDAS DE PREVENCIÓN DA EROSIÓN E CONTAMINACIÓN DAS AUGAS E AFECTACIÓN AOS BANCOS MARISQUEIROS, REPARACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E LIÑA DE AXUDAS**

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 14 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia nin soubo prever e evitar os lumes do 2017, nin as 30 medidas anunciadas a bombo e prato no 2018 tiveron o efecto desexado, por incumprimento, e agora vai tardar en corrixir os danos causados por o primeiro grande incendio do ano en Galicia no que arderon 1.120 hectáreas entre o concello de Rianxo e o de Dodro, onde se iniciou o mesmo.

Este incendio que se orixinou segundo as hípóteses que manexa a propia Xunta por mor dunha chispa dun cable de alta tensión, na panoquia de San Xoán de Laíño, en Dodro, e que se estendeu rapidamente debido á seca, as altas temperaturas, e por un vento de nordés e que calcinou en 2 días 900 hectáreas de monte arborado e 220 de monte raso.

Haberá que dilucidar as responsabilidades que ten a propia compañía eléctrica propietaria do poste de alta tensión e ver se se cumpriran todas as medidas previstas na lexislación vixente para a prevención e loita contra incendios, sobre todo no que atinxe as faixas de seguridade e rozas e limpeza de biomasa que se deben realizar.

Os concellos non se poden responsabilizar da realización destas faixas pero si que temos a obriga de control da legalidade vixente e facultades de inspección e sanción no incumprimento da mesma.

Tampouco se pode depender do grado de humidade na prevención contra os incendíos. A prevención e a ordenación do monte, unha política forestal axeitiada, cunha planificación e unha ordenación do tenitorio con sentido son a clave na loita contra os incendios nunha era na que a desertización e o cambio climático van afectar ao noso país principalmente. Debemos dispor de brigadas de prevención e defensa contra o lume.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Rianxo **https://sede.concelloderianxo.es** co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: DkQ9a2Xn51wglP22ri3s
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Nestes días nos que o factor 30-30-30, máis de 30º de temperatura, 30% ou menos de humidade e 30 km/h de vento ou máis, son as condicións idóneas para un grande lume, no que ademais habÍa temporal na costa, de nordés, que intensificou e propagou o lume.

O principal agora é protexer o monte e a restauración do mesmo. O control e restauración da superficie queimada; estamos no mes de marzo e é previsible que nalgún momento as augas de abril fagan a súa presenza podendo afectar ao bancos marisqueiros de Rianxo, e de toda a costa, por ser estes concellos lindeiros co mar, axudando as comunidade de montes na tala e retirada da madeira. Necesitamos un plan de restauración do monte queimado e medidas contra a erosión de xeito uxente ante a previsión de choivas.

Por todo o devandito, o Grupo Municipal de Rianxo en Común subscribe e considera de interese municipal que o Pleno da Corporación ACORDE:

1.- Que o Goncello de Rianxo, realice un plan de restauración dos terreos queimados de maneira urxente baixo a supervisión técnica e persoal axeítado

2.- Que o concello de Rianxo, en colaboración cos organismos e entidades opotunas, elabore e poña en marcha as medidas urxentes fronte as erosións que van causar as choivas cando se produzan para evitar:

- a contaminación das augas, ríos e regatos, lagoas e depósitos de auga potable que abastecen a poboación.
- A colocación de faixas fronte a inundacións
- a colocación de faixas que impidan que chegue a cinza a estas canles e ao mar, afectando aos bancos marisqueiros
- o sementado de especies de medra rápida autóctonas
- espallar palla e colocación de barreiras fronte a erosión no monte

3.- Que o concello de Ríanxo aprobe un plan de extracción da madeira antes de final de ano, a fin de evitar pragas e a perda de valor da madeira.

4.- Que o concello de Rianxo aprobe un plan de recuperación das árbores que sobrevivisen ao lume en colaboración coas comunídades de montes, propietarios privados, etc.

5.- Que o concello de Rianxo aprobe un plan de reforestación que incorpore a eliminación e control das especies invasoras que aproveitan o lume para espallarse

6.- Que o concello de Rianxo aprobe un plan de axudas en colaboración con outras administracións para a recuperación de infraestruturas que se visen afectadas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Rianxo **https://sede.concelloderianxo.es** co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: DkQ9a2Xn51wglP22ri3s
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta coas seguintes emendas.

1.- Que o Goncello de Rianxo e a Consellería do Medio Rural, realice un plan de restauración dos terreos queimados de maneira urxente baixo a supervisión técnica e persoal axeítado

2.- Que o concello de Rianxo, en colaboración coa Consellería do Medio Rural e entidades opotunas, elabore e poña en marcha as medidas urxentes fronte as erosións que van causar as choivas cando se produzan para evitar:

- a contaminación das augas, ríos e regatos, lagoas e depósitos de auga potable que abastecen a poboación.
- A colocación de faixas fronte a inundacións
- a colocación de faixas que impidan que chegue a cinza a estas canles e ao mar, afectando aos bancos marisqueiros
- o sementado de especies de medra rápida autóctonas
- espallar palla e colocación de barreiras fronte a erosión no monte

3.- Que o concello de Ríanxo e a Consellería do Medio Rural aprobe un plan de extracción da madeira antes de final de ano, a fin de evitar pragas e a perda de valor da madeira.

4.- Que o concello de Rianxo e a Consellería do Medio Rural aprobe un plan de recuperación das árbores que sobrevivisen ao lume en colaboración coas comunídades de montes, propietarios privados, etc.

5.- Que o concello de Rianxo e a Consellería do Medio Rural aprobe un plan de reforestación que incorpore a eliminación e control das especies invasoras que aproveitan o lume para espallarse

6.- Que o concello de Rianxo e a Consellería do Medio Rural aprobe un plan de axudas en colaboración con outras administracións para a recuperación de infraestruturas que se visen afectadas.

7.- Crear unha comisión con distintos axentes para o seguimento de estes acordos.

8.- Dar o agradecemento a todos os que participaron na extinción do incendio.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Rianxo **https://sede.concelloderianxo.es** co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: DkQ9a2Xn51wglP22ri3s
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

## 10 ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2019/G010/000003 e identificado pola pegada dixital:

**1204484898**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**https://www.youtube.com/watch?v=LI-Uc0QHts4**

CVD: DkQ9a2Xn51wglP22ri3s
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Rianxo **https://sede.concelloderianxo.es** co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)